

# VIAXE: "COSTA VERDE"

## 25-26 Maio

### 25 DE MAIO: SANTIAGO – LUARCA – ASTURIAS

Saída a primeira hora da mañá dirección Luarca, con breves paradas en ruta. Chegada a vila de Luarca e visita guiada ao "**Museo del Calamar Gigante**", onde coñeceremos as súas instalacións cunha información amena e veraz, desentrañando os misterios dos mundos oceánicos de gran profundidade. Poderemos admirar os nove grandes exemplares de Calamar Xigante, entre os que destaca unha femia que con so 17 meses de idade alcanza os 13,70 metros de lonxitude. Tralavisita xantar nun restaurante concertado. Pola tarde visitaremos o **Museo de Severo Ochoa**, que repasa, en 500 metros cadrados, a vida familiar e a traxectoria profesional do bioquímico luarqués, Premio Nobel de Medicina en 1959. A mostra, composta fundamentalmente por imaxes e vídeo, completase con obxectos doados pola familia deste eminente científico (o birrete do doutor Honoris Causa da Universidade de Valladolid, os aneis da súa boda con Carmen de Albornoz e tamén o outorgado por ser Premio Nobel, o bastón de paseo pola súa vila natal...). Despois visitaremos **Luarca**, a Vila Blanca da Costa Verde, un fermoso pobo mariñeiro que dende sempre tivo unha intensa actividade comercial e pesqueira arredor das baleas. Saída cara o hotel, acomodación, cea e aloxamento.

### 26 DE MAIO: COLUNGA – LASTRES – SANTIAGO

Almorzo no hotel. Saída cara **Lastres**, fermoso pobo famoso pola serie de televisión "Doctor Mateo". Coñeceremos a súa praia e estreitas rúas con pequenas casas típicas que convirten esta vila en todo un pobo con encanto. Despois trasladarémonos ao "**Museo del Jurásico de Asturias**", que se ubica nun espectacular edificio con forma de pegada de dinosaurio con magníficas vistas ao porto e as praias da zona. Ao largo de 2.500 metros cadrados de espazo expositivo, poderemos contemplar dende sorprendentes reproducións de dinosaurios ata xigantescos esqueletos e pegadas destes animais. Desta maneira, a mostra propon unha maneira amena de adentrarse no descubrimento das idades da Terra e da forma de vida dos dinosaurios que poboaron a costa de Asturias fai millóns de anos. Regreso ao hotel para o xantar. Saída cara Santiago, con breves paradas en ruta. Chegada e fin dos nosos servizos.

**PREZO: 83 €**

#### **O PREZO INCLUE:**

- AUTOCAR GRAN TURISMO EN ASTURIAS.
- HOTEL\*\*/\*\* EN ASTURIAS.
- PENSION COMPLETA.
- XANTAR EN RESTAURANTE CONCERTADO EN LUARCA.
- BEBIDAS INCLUIDAS EN XANTARES E CEAS (AUGA E VIÑO).
- VISITAS RELACIONADAS NO PROGRAMA.
- GUIA ACOMPAÑANTE DENDE ORIXE
- ENTRADA AO MUSEO DA LURA XIGANTE
- ENTRADA AO MUSEO DO XURASICO DE ASTURIAS.
- SEGURO DE ASISTENCIA E VIAXE.

#### **O PREZO NON INCLUE:**

- EXTRAS NO HOTEL (LAVANDERIA, TFNO,...), ENTRADAS A MUSEOS E MONUMENTOS NON INDICADOS NO APARTADO ANTERIOR.
- \*O MUSEO SEVERO OCHOA É DE BALDE.

- ❖ **PREZO DE NENOS DE 3 A 12 ANOS ACOMPAÑADOS NA HABITACIÓN POR DOUS ADULTOS: 78 €**
- ❖ **PREZO DE NENOS DE 0 A 2 ANOS: DE BALDE**